

## JOAQUIN FRANCISCO EIROA HERMO

---

Don Joaquín Francisco Eiroa Hermo, naceu en Cangas o 5 de maio de 1916. Realizou os seus estudos en diversas escolas de Cangas, para mais tarde cursar estudos superiores na Universidade Pontificia de Santiago de Compostela. No seu derradeiro curso, esta Universidade foi reducida a simple Seminario Diocesano. Alí completou os catro cursos de Latín e Humanidades, a Reválida e o primeiro da Facultade de Filosofía.

Na primavera de 1937 foi mobilizado co seu reemplazo e ingresou na Academia Militar de Infantería de Granada. Dende entón a Milicia constituíu o seu norte e guía. Na actualidade é Teniente Coronel de Infantería en situación de retirado. Caballero Placa da Real e Militar Orden de San Hermenegildo, condecorado coa Cruz de Guerra e a Cruz Roja ó Mérito Militar.

A súa grande afición a Historia e a súa vocación a Investigación, levóuno a realizar un curso de Técnico en Archivística no Arquivo da Coroa de Aragón (Barcelona).

Seus traballos de investigación sobre o municipio de Cangas e a súa comarca escemenzan a publicarse no "Faro de Vigo" en 1930 cando so tiña 14 anos de idade.

Non deixou don Joaquín Francisco, a pesares dos -seus destinos militares en diferentes poboacións, de investigar sobre a Historia de Cangas, desta forma as súas colaboracións en distintos medios de información, en especial no "Faro", son moi numerosas. Froito dos mesmos é a triloxía inédita sin publicar: "Aproximación a la Historia de Cangas", "Aproximación al Paisaje de Cangas" e "Aproximación al Paisanaje de Cangas". Inexplicablemente ningún organismo local ou provincial, entidade cultural, etc., non se interesou en sacalo a luz.

Cronista oficial da Vila, premio "Luces na Mangallona" 1993, Joaquín Francisco Eiroa Hermo non recibiu a pesares de todo o xusto recoñecemento do noso pobo pola entrega total da súa vida e do seu tempo libre en darnos a coñecer todo o noso pasado.

Desde estas páxinas e con motivo das Festas do Cristo, o C.I.T. aproveita a ocasión para publicar unha especie de guía turístico-monumental, onde se fai referencia a unha serie de datos que teñen a súa orixe na paciente investigación do Sr. Eiroa.

E polo que o Centro de Iniciativas Turísticas de Cangas, quere desde estas páxinas darlle as gracias e facer patente o profundo recoñecemento que sentimos pola súa obra.

A síntexe de guía turístico-monumental, que publicamos a continuación, baséase nos seus textos e de datos extraídos das súas publicacións no "Faro de Vigo" ó longo dos anos.



## UNHA VISITA TURÍSTICO-MONUMENTAL Ó CONCELLO DE CANGAS

---

### IGREXA EX-COLEXIATA DE SANTIAGO DE CANGAS

Segundo mantén J.F. Eiroa Hermo, en tempos dos Suevos, onde hoxe se atopa a actual Igrexa, construíuse unha ermida prerrománica que sin dúbida foise reconstruíndo ó longo dos séculos ate o que hoxe é a Ex-Colexiata de Santiago de Cangas.

Nesta igrexa, dí a tradición que predicou o Apóstolo e o seu discípulo San Epifanio, deste último dicen que foi o primeiro obispo de Tui.

No século XII constrúese unha pequena Igrexa de estilo románico (moi rústica) no mesmo lugar e o seu arredor utilizábase como camposanto dos veciños da pequena Vila de Cangas.

Sobre o ano 1537 Cangas pide ser parroquia, xa que neses momentos tiña maior número de feligreses que Santa María de Darbo, da cal dependía como "tenencia parroquial".

E no ano 1541 cando se inicia a construción do actual templo con capacidade casi catedralicia de tres naves separadas por airosas columnas con bóvedas de pedra estreladas e arcos apuntillados na súa nave maior. A súa fachada plateresca do século XVI con corpos de dobles columnas xónicas e corintias estreladas. Os catro evanxelistas en baixo relieve, con bustos e figuras, todo elo coroado polo Padre Eterno no centro dun frontón. Créese que os bustos son de Juan Ramón e María Ponte da Casa Quirós.




E no ano 1542 cando se erixe en colexiata cun Prior e seis Racioneros por orden do Bispo de Compostela, Gaspar de Avalos e confirmada pola Súa Santidade o Papa no ano 1545. E a finais do século XIX cando é reducida a parroquial.

Tempos dempois, no ano 1922, gracias ó filántropo de Cangas e residente na Arxentina, Don José Félix Soage Villarino, completáronse as bóvedas que ate entón eran de madeira.

### ALTAR MAIOR

Adicado a Santiago Apóstolo. É de grandes proporcións e notable magnitude. Foi construído en 1744, e o seu estilo é churrigueresco. As imaxes que nos podemos atopar de arriba a abaixo e pola esquerda son San Bieito, San Xosé e San Pedro; e pola banda dereita son San Telmo, San Xoaquín e San Pablo. No centro coroando un grandioso grupo, casi de tamaño natural, representando ó Apostolo na Batalla de Clavijo, baixo do cal está a imaxen sedente de Santiago.



### **ALTAR DO ROSARIO**

Modernizado e pintado a principios deste século, pero a súa talla conserva restos dos séculos XV e XVI.

### **PEQUENA IMAXEN DO SANTO CRISTO DA MINERVA**

Situada no centro do Retablo Maior, é unha preciosa talla de madeira de boj feita no ano 1779 aproximadamente, de grande realismo e antropometría, de brazos desmontables, do que se deduce que debeu ser usado para misión (1780) *dado de limosna a la Cofradía de los Dolores*.

### **ALTAR DA NOSA SEÑORA DO CARMO**

Foi feito a expensas do gremio de Mareantes de Cangas no ano 1793. É de magnífica arquitectura e pintura. Coas imaxes de Virxe figura a ámbolos lados dúas tallas de San Xosé e San Bartolomeu. A primeira, de grande valor artístico, foi tallada por José Pernas en 1783, considerándose que si éste artista non houbera deixado outras obras, bastaría esta escultura de San Xosé de Cangas para darlle o seu merecido recoñecemento.

### **CRISTO DO DESCENDEMENTO**

Impresionante obra escultórica de Cerviño, canteiro afeccionado, autor entre outras obras do Cruceiro do Hío. Este maravilloso Cristo foi copiado do Santísimo Cristo do Consolo.

### **CRUZ PARROQUIAL**

Esta valiosa Cruz Parroquial de prata e prata dourada somentes exhibíuse nas grandes solemnidades. Foi feita por Raimondez de Vigo no ano 1811.

### **RELOXIO INTERIOR**

Na Capela do Sagrado Corazón de Xesús atópase un magnífico reloxo de pesas de esfera dourada e números romanos. Marca o calendario luar. A súa caixa está ornamentada con decorados orientais.

### **ORNAMENTOS**

Posúe a Parroquia uns magníficos ternos, confeccionados con telas de Indias e bordados con motivos orientais dunha beleza merecedora de ser expostos

### **PILAS DE AUGA BENDITA**

Son dúas enormes cunchas naturais procedentes das Illas Filipinas, enviadas polo Cónsul de España en Manila e Fillo de Cangas, don Alejandro Martínez Iglesias.

### **A TORRE DO CAMPANARIO**

De estilo barroco do denominado "de placas", nacido no século XVII en Roma. A súa planta é cadrada e para o seu alzado débese de aproveitar a escaleira de caracol da estrutura inicial que remata no chamado "cuarto do reloxo", onde se forma un andamio e a través dúns escalóns súbese ata o primeiro piso onde se forma unha solaina de "antepecho" e piso de pedra. Ésta compónse de catro altos ventanais para as campás e a que está cara ó norte tén unha estreita escaleira interior de pedra feita na parede e que nos leva até a segunda solaina onde hai outros catro ventanais, balcón e bolas nas esquinas o igual que na primeira. Esta segunda solaina remata



nunha pequena cúpula exteriormente adornada e con catro plintos nas esquinas, imitando ós de remate de fachada principal.

A súa altura hasta ó final da cúpula, sobre o airoso cilindro que lle serve de remate, é duns 37 metros sobre o adro.

### **ORGANO**

Doado no 1925 por don José Félix Soage Villarino. Sostituíu ó anterior, o cal foi retirado do Coro xunto coa sillería da Colexiata.



### **A FONTE DO CABALO**

Levantada na rúa Real, perto da Igrexa e da Casa do Concello, representa ó Apóstolo Santiago na Batalla de Clavijo. Foi tallado dunha soa roca polo mestre canteiro Ignacio Cerviño no ano 1880.



### **PANTEON DE RANQUETA**

Construído no ano 1873, polo mestre canteiro Cerviño, feito dun só bloque de pedra, formando ataúdes e columnas salomónicas nun conxunto armónico de admirable beleza. Atópase no Cemiterio Municipal de Cangas.



### **A CASA DE QUIRÓS**

Existíu onde hoxe se atopa a praza do Arco. Era unha antiga e non moi grande edificación do século XVI, composta de baixos e un piso. O que se dí "artístico" non tiña nada máis que un par de bustos pétreos en cada un dos pilares do porche, iguais pero máis pequenos que os que decoran o portalón principal da Colexiata. Atribúense a Juan de Ramos e María de Pontes, protectores da construción da Igrexa de Cangas.

Hoxendía somentes se conserva o arco que dá acceso a rúa onde se asentaba a Colonia Xudea Cangueira até a súa expulsión no século XV.

**A Atalaia do Igrexario de Coiro ofrece un magnífico miradoiro dende onde pódese contemplar unha panorámica impresionante sobre o Val do Río Bouzós coa Ría de Vigo ao fondo, Vigo cidade a un lado e a Cadea de Montañas do Morrazo ó outro. Un cadro de postal.**

### **IGREXA DE SAN SALVADOR DE COIRO**

O ábside da igrexa parroquial de Coiro e do século XV, pero cando no ano 1950 foi restaurado, atopáronse pedras máis antigas, que nos amosan unha máis antiga construción.

Pero ó que chama realmente a atención e a súa Torre, de grandes proporcións que non garda relación co resto da estrutura. A Torre é máis grosa no centro da súa altura que na base da mesma, é foi construída no século XVIII polos mestres Novás de Tui. Esta Torre debeu de ser o primeiro paso de un ambicioso proxecto de ampliación do templo, que por causas, seguramente económicas, non se chegou a desenrolar.

A gran campá desta Igrexa, segundo dí a Lenda Popular que repicaba soa para convocar ó "Aquellarre" na praia das "Areas Gordas" de Rodeira ás Bruxas de Coiro. Hai que facer mención que nesta parroquia constan partidas de enterramento dalgunha destas mulleres "**sentenciadas en la cárcel de Cangas por decir que eran meigas**".



Na parroquia de Coiro existen ademáis vestixios históricos e de señorío na casa dos Avendaño, en Reboredo, e nos Pazos da Retirosa, no lugar do mesmo nome; Pazo de Sequeiros, no Sistro; Pazo do **Tobal** e as importantes Casas de Hormache e a Casa da Torre, lugar de descanso dos PP. Xesuitas con capela adicada a Virxe das Dores, na que as pedras da mesma proceden da Torre próxima a ela e que era a defensa de Coiro, que foi vendida polo Goberno cando foron expulsados de España os Xesuitas no reinado de Carlos III.

### **IGREXA DE SAN CIPRIAN DE ALDAN**

E tumba da Casa de Condes de Canalexas e o seu estilo é colonial, con retablos de escasa importancia artística

### **PAZO DA TORRE DE ALDAN**

Pertecente ós Condes de Canalexas, atópase situado ó pé de dita feligresía. Entre a súa fermosa finca atópase o magnífico acueducto coñecido como "O Arco da Condessa", que canaliza a auga hacia o pozo e baixo o que discurre o Río Orxas. É un rincón dun encanto propio dunha novela romántica.

Os actuais condes son descendentes dos Aldao, que dan orixe ó nome de Aldán. Hai que destacar que no ano 1648, sendo señor da Casa de



Aldao o noble cabaleiro don José Francisco de Gayoso e Aldao, fúndase a Cofradía de San Sebastián, da feligresía de Aldán. A este santo adícase un día festivo, o 20 de xaneiro (Festa de Danza). Ésta remóntase nos tempos, e segundo estudosos do tema, argumentan que incluso os orixes da danza de San Sebastián son anteriores a cristianización destas terras.

Cumpre señalar que no 1671 foi creado polo Rei de España, Carlos II, o título nobiliario de Condes de Canalexas, a favor do Adiantado Maior da Florida e Cabaleiro da Real e Militar Orde de Alcántara, don Gabriel Menéndez de Avilés. O dato referido carece de interés para a Historia de Cangas, pero a Casa de Canalexas había de absorber, casi dous séculos despois, a antiga Casa dos Aldao, por recaer o señorío deste nome en línea feminina.

### **IGREXA DE SAN ANDRÉS DE HÍO**

De corpo e fachada de puro estilo Románico do século XII. O cruceiro e a súa cúpula son posteriores, habendo sufrido no transcurso do tempo varias restauración desafortunadas.

Está construída perto de un castro onde existen varias tumbas abertas en roca e restos de antigüedades prehistóricas.

Da parte Románica consérvase a nave principal con ventás, e tellados sobre "canecillos".

A porta maior con sinzelas arquivoltas e catro columnas acodilladas con varios capiteis. O tímpano obsteña en baixorelieve e entre figuras un entrelazo. Dita nave Románica que estivo cuberta de madeira, está hoxendía dividida en tres tramos por "arcos fajones" apoiados en columnas, cubrindo os tramos bóvedas de cruceira sinzela.



### **CRUCEIRO DO HIO**

O inxenioso e paciente canteiro Cerviño, foi o autor do famoso Cruceiro, de visita obrigada ó visitar o Morrazo.

É unha obra de gran dominio da pedra, pois tanto a cruz como o crucificado, as escaleiras e as dúas figuras de Xosé de Arimatea e de Xosé de Nicodemus, forman un só bloque co capitel da columna.

Foi a finais do século pasado (1872), cando Cerviño realizou esta obra que se convertiu no cruceiro máis famoso de toda Galicia. Eloxiado na súa realización tanto por crentes como profáns e que representa un verdadeiro estudo teolóxico da Redención.

### **MONTE FACHO**

Situado no lugar de Donón, na parroquia do Hío. Tén unha altura de 184 metros sobre o nivel do mar, dominando toda a Costa da Vela. No seu cumio consérvase unha garita de pedra, cunha resistente bóveda de construción e estilo árabe moi antiga, que se utilizaba como posto de vixía sobre o mar.

Dende este monte a visión é impresionante. A esquerda



podemos contemplar a ría de Vigo con tódolos pobos situados ó sur da ría. As maxestuosas illas Cíes e o infinito Océano Atlántico ó frente. Ó pé do monte a interminable praia de Barra, na parte de levante, e a dereita a entrada da ría de Aldán e a de Pontevedra coa fermosura da Illa de Ons.

A panorámica xeral da Costa da Vela co seu perfil abrupto e rocoso acariciado sempre por un branco encaixe de espuma do mar.

### **IGREXA DE SANTA MARÍA DE DARBO**

Probablemente erixida sobre algunha antiga capela, data a súa cosntrucción do século XV, aínda que a súa actual fábrica e dos séculos XVII e XVIII. Foi destruída no ano 1617 cando a invasión de Cangas, aínda que posteriormente foi reconstruída. No ano 1655 adiciónóuselle a Capela das Angustias; no ano 1726 a Capela Maior e entre o 1728-30 o Retablo Principal, que foi construído polo mestre tallista Matías González y Montenegro de Moaña, axudado por Diego de Outeiro. Nos anos 1729 a 1731 fixéronse importantes obras na súa fachada, de estilo colonial, alzándose en 1733 a actual sacristía. Aínda que a imaxe de Nosa Señora foi moi deteriorada na invasión de 1617 a talla de madeira foi restaurada e posteriormente vestida, pero a actual imaxe, que se venera con importante romería que se celebra o día 8 de setembro e de grande arraigo en tódala comarca do Morrazo, foi feita no 1713 por Diego de Sendon, escultor de Baiona.



### **CAPELA DA MAGDALENA**

Situada no barrio do mesmo nome da parroquia de Darbo. A pesares das moitas restauracións aínda conserva vestixios de puro estilo románico do século XII

### **MONTE DE SAN ROQUE**

Verdadeira "**Atalaya de la Ría de Vigo**" de 113 metros de altura sobre o nivel do mar. Miradoiro natural da cidade de Vigo dende o seu punto frontal, con amplísimo campo visual dende a punta de Balea ate a punta de Rodeira, na parte de Cangas, e dende Baiona ate a Rande ó outro lado da Ría. Tamén disfrútase dunha ampla panorámica do casco urbán de Cangas e o Val de Coiro.

No cumio da Atalaia, entre dous centenarios pinos canadienses, chamados tamén "pinos mansos" sitúase a ermida de San Roque, onde se celebra unha típica romería o terceiro domingo de agosto.



### **MONTE CASTELO**

Tén 246 metros de altitude, situado ó norte do Monte de San Roque, é o auténtico "**Balcón do Morrazo**". A súa panorámica e indescriptible. No Monte Castelo existía un castelo, "Castelo do Bispo", pertencente ó arbobispado de Santiago, que desapareceu.

Na parte de poñente do monte, existiu unha célebre pedra de gran tamaño coñecida co nome de "A Lapideira". A roca natural cunha gran porta e asentos interiores realmente admirables, foi inexplicablemente destruída por canteiros neste século. Tamén conta a tradición dunha aparición da Virxe nela.

### **MOSTEIRO DE HERMELO**

Aínda que na actualidade pertence ó Concello de Bueu, a súa historia está moi vencellada a Vila de Cangas. A esculca e unha monumental cruz de Santiago de recente construción que domina o cumio do monte dende o que se divisa unha panorámica de tódalas Rías Baixas, covertíndose nun miradoiro natural sin igual na Península do Morrazo. Antigamente existía un mosteiro de beneditinos, que mais que nada era un lugar de lecer e de estudo. Hoxe somentes consérvase a Capela adicada a Santiago Apóstolo, de estilo neoclásico, e os restos dos muros do mosteiro próximo a igrexa.

Neste mosteiro residiu frai Martín Pelagio, aló pola metade do século XVIII, tamén coñecido polo nome de "O monxe bruxo". Foi acusado de herexía pola Inquisición, porque **"concurría con gentes y mujeres de mal vivir a unas reuniones que todos los sábados celebraba en una playa existente en aquella comarca"**. Recluído no mosteiro de San Martín Pinario de Santiago, **"aislado de otros monjes de la comunidad"**, foi condenado a observancia de cen días en xexún, rezo dos salmos penitenciais e obriga de oír un número determinado de misas polo ben da súa alma.



**(Publicado en "Festas do Cristo". Agosto 1994. Cangas)**